



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

6 de febreiro do 2020 ás 10:30 h

Lugar de celebración

Salón de Plenos. Concello de San Sadurniño

Asistentes

PRESIDENTE

D. Manuel Beceiro Couce 32637513F, Concelleiro

SECRETARIA

Dña. Mónica Cibreiro Caneiro, Funcionaria

VOCAIS

Dna. Mónica Cibreiro Caneiro (Secretaria Interventora accidental)

Dna. Eiravedra Filgueira Caneiro, Vogal

Orde do día

- 1.- Apertura criterios basados en xuízos de valor: CONTRAT/REPROGR/2019 - Servizo de reprografía
- 2.- Valoración criterios basados en xuízos de valor: CONTRAT/REPROGR/2019 - Servizo de reprografía.

Se Expón

- 1.- Apertura criterios basados en xuízos de valor: CONTRAT/REPROGR/2019 - Servizo de reprografía

Procédese á apertura dos sobres de aquelas empresas que foron admitidas:

CIF: B70557327 SCALENE GLOBAL S.L.

CIF: A15717606 VSM Sistemas Coruña, S.A.

A documentación aportada polos licitadores acéptase para a súa correspondente avaliación

- 2.- Valoración criterios basados en xuízos de valor: CONTRAT/REPROGR/2019 - Servizo de reprografía.

Dado o carácter técnico da documentación contida no Sobre B a mesa de contratación propuxo o órgano de contratación o nomeamento de Marcos Pita López, con D.N.I. 76.416.460-H, actual responsable do mantemento do equipo informático do Concello como técnico asesor para a valoración dos criterios basados en xuízos de valor.



San Sadurniño

www.sansadurnino.gal

Unha vez remitida a información polo equipo técnico, este valorou as proposicións técnicas de acordo co prego de prescricións técnicas do seguinte xeito:

CIF: B70557327 SCALENE GLOBAL S.L.:

- Proposta técnica Puntuación: 22.0

CIF: A15717606 VSM Sistemas Coruña, S.A.:

- Proposta técnica Puntuación: 21.0

De todo o antedito, eu, como Secretaria, certifico co visto bo do Presidente:

Dña. Mónica Cebreiro Caneiro
SECRETARÍA



D./Dña. Manuel Beceiro Couce 32637513F
PRESIDENTE



INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN
Expediente: CONTRAT/REPROGR/2019
“SERVIZO DE REPROGRAFÍA”

En relación coas ofertas presentadas no expediente de contratación o técnico informático de soporte ó concello de San Sadurniño emite o seguinte


INFORME:

1º.- Que se recolleron as ofertas das empresas que se presentaron ao concurso público deste proxecto, e no obxecto da presente contratación presentáronse as seguintes empresas:

VSM Sistemas Coruña, S.A.
SCALENE GLOBAL S.L.

2º.- Que examinado o contido das ofertas presentadas, todas as ofertas que se presentaron cumpren cos requisitos mínimos que figuran no apartado “equipamento requerido “ para concursar e que a puntuación que obtivo cada empresa achégase no **ANEXO VALORACIÓN TÉCNICA.**

É canto se debe informar polo técnico informático que subscribe, en San Sadurniño
Martes 11/02/2020.

 Fecha:
2020.02.11
19:52:52
+01'00'

ANEXO VALORACIÓN TÉCNICA

Concepto	VSM Sistemas Coruña, S.A.	SCALENE GLOBAL S.L.
Características dos equipos	3,5	5
Medios Materiais e humanos	5	4
Indicación da persoa representante	4	5
Velocidade e fiabilidade do escaneo	3,5	4
Mantemento preventivo	2,5	2,5
Mantemento correctivo	2,5	1,5
Total	21	22

Contido da proposta técnica:

A proposta técnica incluírá os seguintes apartados:

- Descrición técnica da solución (20%): **especificación das características dos equipos, relación de medios materiais e humanos vinculados ao contrato, indicación da persoa representante, e outras vantaxes.** Terase especialmente en conta a **velocidade e fiabilidade do escaneo, e as capacidades do software de xestión**

- Plan de mantemento preventivo e correctivo, e subministro de consumibles (5%): **periodicidade, alcance, medios técnicos e humanos vinculados ao contrato, método de envío dos consumibles, tempos de resposta, medios de comunicación das avarías.**

DESCRIPCIÓN TÉCNICA DA SOLUCIÓN

Tendo en conta 4 criterios obxectivos darase un máximo de 5 puntos en cada criterio, acadando como máxima puntuación 20 puntos, quedando a táboa como sigue:

Concepto	VSM Sistemas Coruña, S.A.	SCALENE GLOBAL S.L.
Características dos equipos	3,5	5
Medios Materiais e humanos	5	4
Indicación da persoa representante	4	5
Velocidade e fiabilidade do escaneo	3,5	4
Total	16	18

PLAN DE MANTENIMIENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO

Outorgarase un máximo de 5 puntos a cada licitador en función dos plans de mantemento correctivo e preventivo, máximo 2,5 puntos por cada un

Concepto	VSM Sistemas Coruña, S.A.	SCALENE GLOBAL S.L.
Mantemento preventivo	2,5	2,5
Mantemento correctivo	2,5	1,5
Total	5	4

Especificación das características dos equipos

Especificacións técnicas dos modelos de A3 ofertados por cada fabricante

Concepto	VSM Sistemas Coruña, S.A.	SCALENE GLOBAL S.L.
Estándares de dixitalización	PDF, TIFF, JPG, BMP, PNG,XPS ETC	PDF, TIFF, JPG, BMP, PNG,XPS ETC
Resolución do escanner	600ppp	600ppp
Velocidade de impresión	35/30ppm	60ppm
Resolución de impresión	1200 x1200	1.200 x 1.200 dpi
Capacidade de papel	4 bandexas de A4 + A3 con capacidade para 550 follas	2 x 550 follas + bandexas multiuso de 100 hojas
Conexión a rede	SI	SI

Valórase a oferta de SCALENE S.L. con 2,5 puntos pola notable diferenza da velocidade de impresión, valórase con 1,5 puntos a oferta de VSM Sistemas Coruña, S.A., xa que, a pesares do anterior existe unha notable diferenza na capacidade de papel a favor da máquina de VSM Sistemas Coruña, S.A.,

VSM Sistemas Coruña, S.A.: 1,5 PUNTO

SCALENE: 2,5 PUNTOS

Especificacións técnicas dos modelos de A4 ofertados por cada fabricante

Concepto	VSM Sistemas Coruña, S.A.	SCALENE GLOBAL S.L.
Estándares de dixitalización	PDF, TIFF, JPG	PDF, TIFF, JPG, BMP,PNG
Resolución do escanner	600 x 600ppp	1200x2400 ppp
Velocidade de impresión	43ppm	39 ppm
Resolución de impresión	600x600	1.200 x 2400 ppp
Capacidade de papel	550 follas	251 follas
Conexión a rede	SI	SI

Valórase a oferta de SCALENE S.L. con 2,5 puntos pola notable diferenza da resolución do escanner, así como a notable resolución de impresión, valórase con 2 puntos a oferta de VSM Sistemas Coruña, S.A., xa que, a pesares do anterior existe unha notable diferenza na capacidade de papel a favor da máquina de canon, así como unha pequena diferenza o seu favor na velocidade de impresión.

VSM Sistemas Coruña, S.A.: 2 PUNTO

SCALENE: 2,5 PUNTOS

Medios materiais e Humanos

Ambas ofertas poñen técnicos a disposición do concello, especialistas e certificados na materia, así como establecen stock de pezas en todos os centros de traballo e vehículos, as dúas empresas teñen sede en A Coruña.

Nos medios materiais a oferta de VSM Sistemas Coruña, S.A. establece de xeito máis detallado os medios materiais, así como a estandarización de materiais e os EPIS dos traballadores.

Valórase a oferta de SCALENE S.L. en 4 puntos e a de VSM Sistemas Coruña, S.A. en 5 puntos , xa que a xustificación de medios materiais é máis específica.

INDICACIÓN DA PRESOA REPRESENTANTE

Neste apartado a oferta de VSM Sistemas Coruña, S.A non establece unha persoa representante, aínda que si esboza na prestación da empresa unha persoa coordinadora do proxecto.

Neste apartado SCALENE S.L. establece unha persoa representante así como un listado de funcións do mesmo, propoñendo como persoa representante o director xerente da mercantil.

Valórase a oferta de SCALENE S.L. en 5 puntos e a de VSM Sistemas Coruña, S.A. en 4 puntos , xa que a designación de representante e as súas funcións solo a establece especificamente a oferta de SCALENE S.L. aínda que non se establece unha diferenza de puntos maior xa que se entende como representante o coordinador do proxecto que figura na presentación de empresa de VSM Sistemas Coruña, S.A

VELOCIDADE E FIABILIDADE DO ESCANEO

Do análisis dos apartados anteriores e das especificacións das máquinas despréndese:

Máquina de A3

Concepto	VSM Sistemas Coruña, S.A.	SCALENE GLOBAL S.L.
Estándares de dixitalización	PDF, TIFF, JPG, BMP, PNG,XPS ETC	PDF, TIFF, JPG, BMP, PNG,XPS ETC
Resolución do escanner	300ppp	600ppp
Velocidade de escaneo	19,6 duplex	35 imp dúplex

Nesta parte tanto en resolución de escaneo como en velocidade a máquina ofrecida por SCALENE GLOBAL S.L. é moi superior, dobrando a resolución e sendo moito máis rápida no escaneo que a máquina ofertada por VSM Sistemas Coruña, S.A.

VSM Sistemas Coruña, S.A.: 1 PUNTO

SCALENE: 2,5 PUNTOS

Máquina de A4

Concepto	VSM Sistemas Coruña, S.A.	SCALENE GLOBAL S.L.
Estándares de dixitalización	PDF, TIFF, JPG	PDF, TIFF, JPG, BMP,PNG
Resolución do escanner	600 x 600ppp	1200x2400 ppp
Velocidade de escaneo	34 ipm	7 ipm

Neste apartado a velocidade de escaneo da máquina ofertada por VSM Sistemas Coruña, S.A. é moi superior a ofertada por SCALENE GLOBAL S.L, si ben a resolución de escáner é moi inferior.

VSM Sistemas Coruña, S.A.: 2,5 PUNTOS

SCALENE GLOBAL S.L: 1,5 PUNTOS

PLAN DE MANTENIMIENTO PREVENTIVO

No mantemento preventivo as diferentes tarefas especificadas polas dúas ofertas coinciden nas tarefas e na certificación das persoas que as realizarán, así mesmo, establecen tamén un rexistro das mesmas nas dúas ofertas.

Se ben, a oferta de VSM Sistemas Coruña, S.A., fai referencia a AMTEGA no mantemento preventivo enténdese esta como unha errata da proposta.

Neste apartado de mantemento preventivo as dúas propostas obteñen a máxima puntuación.

VSM Sistemas Coruña, S.A.: 2,5 PUNTOS

SCALENE GLOBAL S.L: 2,5 PUNTOS

PLAN DE MANTENIMIENTO CORRECTIVO


No plan de mantemento correctivo as dúas propostas establecen unha primeira consulta telefónica que permitirá a clasificación da avaría e a determinación da presenza ou non do técnico "in situ".

Si ben a proposta de VSM Sistemas Coruña, S.A establece como límite da presenza do técnico e resolución "in situ" da avaría en 6 horas, e , SCALENE GLOBAL S.L establece 24 horas.

Neste apartado a proposta de VSM Sistemas Coruña, S.A (2,5 puntos) é superior a de SCALENE GLOBAL S.L, (1,5 puntos)

VSM Sistemas Coruña, S.A.: 2,5 PUNTOS

SCALENE GLOBAL S.L: 1,5 PUNTOS

 Fecha:
2020.02.11
19:54:13
+01'00'

